



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE FEBREIRO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil dezaioito, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 20 de febreiro de 2018

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 20 de febreiro de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto, don Ramón Boga Moscoso e don Daniel Carballada Rodríguez) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

Non se tratou este punto da orde do día.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3º. Expedientes de contratación

3.1 Adxudicación de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre (póliza de danos materiais para bens mobles e inmobles; póliza de accidentes para o persoal e membros da Corporación, e póliza de accidentes para voluntarios de protección civil). Expediente: 2017/C006/000006

Vista a proposta de Alcaldía de data 22 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº. 2017/C006/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto multicriterio , da contratación de diversas pólizas de seguros para o Concello de Cambre, dividíndose o obxecto en tres lotes, (por un importe total anual de 40.000,00 euros : 20.000,00 para a póliza de danos materiais para bens mobles e inmobles ; 18.000,00 euros para a póliza de accidentes para o persoal e membros da Corporación, e 2.000,00 euros para a póliza de accidentes para voluntarios de protección civil), e un importe total, tendo en conta a duración total do contrato de 120.000,00 euros

Visto que a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre, coa data do 23 de xaneiro de 2018, formulou proposta de adxudicación dos tres lotes que integran o presente contrato, esto tendo en conta o informe-proposta de adxudicación emitido o día 15 de xaneiro de 2018 polo mediador de seguros da entidade contratada polo Concello de Cambre, “B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.”, e dos que se deriva que as entidades que resultan adxudicatarias dos distintos lotes que integran o presente contrato, en aplicación dos criterios contemplados na cláusula 13.2.c) do prego, resultan ser :

- Lote nº 1 (danos materiais para bens mobles e inmobles) : “Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros”, cun importe de prima total anual de 15.259,00 euros, límite de indemnización por sinistro de 15.250.000,00 euros, e unha franquía de 400 euros.
- Lote nº 2 (accidentes para o persoal e membros da Corporación municipal) : “Chubb European Group Limited, Sucursal en España”, cunha prima total anual de 11.090,06 euros, e o seguinte capital mínimo asegurado:
 - Falecemento por accidente : 211.000,00 euros
 - Invalidez permanente absoluta por accidente : 236.000,00 euros
 - Invalidez permanente parcial por accidente segundo baremo en base a 211.000,00 euros
- Lote nº 3 (accidentes para voluntarios de Protección Civil) : “VIDACAIXA S.A.U. de Seguros y Reaseguros”, cunha prima total anual de 1.800,02 euros, e o seguinte capital mínimo asegurado:
 - Falecemento por accidente : 30.000,00 euros
 - Invalidez permanente parcial por accidente, segundo baremo : ata 30.000,00 euros



- Asistencia sanitaria:
 - Médicos e clínicas designadas pola aseguradora en España : Ilimitada, durante un ano desde a data do accidente
 - Médicos e clínicas de libre elección do asegurado en España : 2.500,00 euros

Visto que, outorgado ás entidades propostas como adjudicatarias o prazo de dez días hábiles para que presentasen a documentación xustificativa segundo o establecido nos artigos 146 e 151.2 do RD Legislativo 3/2011 que aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público e cláusula 13.5 do prego de cláusulas administrativas particulares, estas achegaron en prazo a documentación requirida, acreditando debidamente a súa solvencia técnica, segundo informe emitido polo mediador de seguros da entidade contratada polo Concello de Cambre, "B.V.C. Artai, Correduría de Seguros, S.A.", con data do 20 de febreiro actual.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral da corporación de data 22 de febreiro de 2018, que contén a proposta de acordos a adoptar.

Visto o establecido na cláusula 13.5 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto no artigo 151 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Declarar válida a licitación, admitindo nela ás seguintes entidades licitadoras, ao ter presentado a súa proposición coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas particulares :

- Para o Lote nº 1 (Danos materiais para bens mobles e inmobles) :
 - Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros
 - Bilbao, Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros
 - Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A
 - Zurich Insurance PLC, Sucursal en España
- Para o Lote nº 2 (accidentes para o persoal e membros da Corporación municipal) :
 - Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros
 - Chubb European Group Limited, Sucursal en España



- Bilbao, Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros
 - Mapfre Vida, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A
 - Axa Seguros Generales, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros
 - Vidacaixa S.A.U. de Seguros y Reaseguros
- Para o Lote nº 3 (accidentes para voluntarios de Protección Civil) :
- Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros
 - Axa Seguros Generales, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros
 - Vidacaixa S.A.U. de Seguros y Reaseguros

Segundo: A orde decrecente de clasificación obtida polas empresas licitadoras que participaron na licitación, en función das ofertas presentadas, e tendo en conta a aplicación dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a presente licitación, é a seguinte:

Lote nº 1 (Danos materiais para bens mobles e inmuebles) :

Entidade aseguradora	Puntuación total
Bilbao	90,25 puntos
Helvetia	69,88 puntos
Zurich	55,45 puntos
Mapfre	55,42 puntos

Lote nº 2 (accidentes para o persoal e membros da Corporación municipal) :

Entidade aseguradora	Puntuación total
Chubb	94,75 puntos
Mapfre	76,98 puntos
Axa	71,46 puntos
Vidacaixa	70,63 puntos
Bilbao	65,45 puntos
Helvetia	57,42 puntos

Lote nº 3 (accidentes voluntarios protección civil) :

Entidade aseguradora	Puntuación total
Vidacaixa	87,58 puntos
Axa	86,00 puntos



Helvetia	82,93 puntos
----------	--------------

Terceiro : Adjudicar os distintos lotes que integran o presente contrato ás aseguradoras que a seguir se relacionan, e nos prezos de importe das primas e capitais asegurados que seguidamente se sinalan, esto tendo en conta o cumprimento dos criterios de adjudicación que constan na cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, segundo informes emitidos polo corredor de seguros da entidade contratada polo Concello de Cambre "B.V.C. Artai, S.A." coas datas do 15/12/17 e 15/01/18, e a proposta da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Cambre do día 23 de xaneiro de 2018:

- Lote nº 1 (danos materiais para bens mobles e inmobles) : "Bilbao Compañía Anónima de Seguros y Reaseguros", con CIF A48001648 e enderezo en Paseo del Puerto nº 20, 48992 Getxo , Bilbao, (Vizcaya), cun importe de prima total anual de 15.259,00 euros, límite de indemnización por sinistro de 15.250.000,00 euros, e unha franquía de 400 euros.
- Lote nº 2 (accidentes para o persoal e membros da Corporación municipal) : "Chubb European Group Limited, Sucursal en España", con CIF W0067389G e enderezo en Paseo de la Castellana nº 141 , andar 6º, 28046 Madrid, cunha prima total anual de 11.090,06 euros, e o seguinte capital mínimo asegurado:
 - Falecemento por accidente : 211.000,00 euros
 - Invalidez permanente absoluta por accidente : 236.000,00 euros
 - Invalidez permanente parcial por accidente segundo baremo en base a 211.000,00 euros
- Lote nº 3 (accidentes para voluntarios de Protección Civil) : "VIDACAIXA S.A.U. de Seguros y Reaseguros", con CIF A58333261 e enderezo en Paseo Recoletos nº 37, 3º , 28004 Madrid, cunha prima total anual de 1.800,02 euros, e o seguinte capital mínimo asegurado:
 - Falecemento por accidente : 30.000,00 euros
 - Invalidez permanente parcial por accidente, segundo baremo : ata 30.000,00 euros
 - Asistencia sanitaria:
 - Médicos e clínicas designadas pola aseguradora en España : Ilimitada, durante un ano desde a data do accidente
 - Médicos e clínicas de libre elección do asegurado en España : 2.500,00 euros

As características das proposicións dos adjudicatarios determinantes de que as súas ofertas obtivesen a maior puntuación, de conformidade co establecido no artigo 151.4.c) do RDL 3/2011 , e cláusula 13.2.c) do prego de cláusulas administrativas particulares, atópanse nas baixas ofertadas nas primas, así como nas melloras complementarias ofertadas, importes dos límites por sinistro e aumento nos importes dos capitais mínimos asegurados .



Cuarto: Proceder á formalización dos contratos entre o Concello de Cambre e as entidades adjudicatarias dos distintos lotes, dentro do prazo dos quince días hábiles desde o seguinte á notificación da adjudicación. As pólizas correspondentes aos distintos lotes formalizaranse na data que sinala a Administración contratante, segundo establece a cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente.

Proceder á publicación da formalización dos contratos no Perfil de Contratante do Concello de Cambre, Plataforma de Contratos Públicos de Galicia e Boletín Oficial da Provincia, isto de conformidade co disposto nos artigos 154 e 156.3 do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, e cláusula 14 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto: Os traballos obxecto do presente contrato realizaranse baixo a supervisión do mediador de seguros do Concello de Cambre, (correduría de seguros "B.V.C. Artai, S.A."), e dos técnicos municipais designados como responsables dos contratos.

Desígnanse como responsables do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei dos contratos do sector público), e de conformidade coa cláusula 16 do prego administrativo, aos seguintes empregados municipais:

- A técnica de xestión de administración xeral adscrita a Secretaría-Patrimonio, baixo a dirección técnica da secretaria xeral da Corporación, para o lote nº 1 (bens mobles e inmobles)
- O xefe da Unidade de Réxime Interior municipal, para os lotes nºs 2 e 3 (accidentes persoal e membros da Corporación, e accidentes voluntarios protección civil)

A eles corresponderalles o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, para cuio fin poderán contar coa colaboración do mediador de seguros contratado polo Concello de Cambre.

Sexto: Notificar ás entidades participantes, e publicar simultaneamente a adjudicación no Perfil de contratante do Concello de Cambre, incluído na páxina web municipal <http://www.cambre.es>, e na Plataforma de Contratos de Galicia www.contratosdegalicia.es, de conformidade co establecido no artigo 151.4 do RD Lexislativo 3/2011 (Texto Refundido da Lei de contratos do sector público) e cláusula 13.5 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Sétimo: Notificar aos Departamentos de Secretaría-Patrimonio e Réxime Interior municipais, e máis ao corredor de seguros da entidade "B.V.C. Artai, S.A.", para a súa constancia e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 16 ao 22 de febreiro do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 373/2018 e remata coa resolución da alcaldía número 449/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
373/2018	16/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar EDD
374/2018	16/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar ACP
375/2018	16/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar MBCP
376/2018	16/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar EMA
377/2018	16/02/2018	Aprobación do Proxecto PRISMA
378/2018	16/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar CNR
379/2018	16/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar JALB
380/2018	16/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar APA
381/2018	16/02/2018	Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos para a selección dun administrativo de administración xeral interino
382/2018	16/02/2018	Autorización para ocupar 16 m ² na rúa Constitución, O Temple , para exposición dun vehículo de competición
383/2018	16/02/2018	Autorización para ocupar 18 m ² nos Campóns, Sigrás, para exposición dun vehículo de competición
384/2018	16/02/2018	Conceder a licenza municipal para a apertura de 5 calas nas rúas Río Barcés, Río Mero, e Río Sil, Cambre. Solicitante: NG, S.A.
385/2018	16/02/2018	Expediente de acondicionamento de camiños e fincas 2017/V001/000033 por estado de finca sita en Aián, Sigrás
386/2018	16/02/2018	Programa actos e orzamentos Entroido 2018
387/2018	16/02/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 20 de febreiro de 2018



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

388/2018	16/02/2018	Solicitude axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquitos convocatoria ano 2018. (DOG N° 14, de 19 xaneiro 2018)
389/2018	16/02/2018	Expediente de disciplina urbanística 07/12/06 e sancionador 15/09/06 por construción de vivenda unifamiliar en finca sita en San Paio, Brexo, sen licenza municipal
390/2018	16/02/2018	Conceder a licenza de instalación de billa de cervexa na terraza da cervexaría La Románica situada no Parque da Igrexa, Cambre. Solicitante: SyG, S.L.
391/2018	16/02/2018	Conceder a licenza municipal para a reconstrución dun tramo de canalización subterránea para reparar a subministración eléctrica á nave sita en Altamira, Anceis. Solicitante: ECI, S.A.
392/2018	16/02/2018	Conceder as autorizacións para o exercicio da venda ambulante durante a celebración do Entroido Pequeno o día 17 de febreiro. Solicitantes: MDCS, AMS, SMP, MVC
393/2018	16/02/2018	Aprobación memoria técnica e informe técnico entroido 2018
394/2018	19/02/2018	Admitidos programa Xogando no entroido 2018
395/2018	19/02/2018	Solicitude para participar na subvención de parques empresariais 2018
396/2018	19/02/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 80.737,02 euros
397/2018	19/02/2018	Numeración de edificación sita na Xira, Sigrás a petición de CSASL
398/2018	19/02/2018	Terceiro requirimento a GG SDG, S.A., para que presente a documentación esixida no marco do Procedemento de inspección P.I. 2/2017
399/2018	19/02/2018	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 22 de febreiro de 2018
400/2018	19/02/2018	Autorización apertura urna sinalada letra A, fila 2, no panteón perimetral nº 33, no cemiterio municipal de Cambre, co fin de inhumar o cadáver de dona SLS falecida o 19/01/2018
401/2018	19/02/2018	Licenza tenza animais potencialmente perigosos 5/2018 GRM
402/2018	19/02/2018	Licenza tenza de animais potencialmente perigosos 7/2018 AMFMC
403/2018	19/02/2018	Licenza tenza de animais potencialmente perigosos 8/2018 MSVV
404/2018	19/02/2018	Licenza tenza de animais perigosos 9/2018 AGF
405/2018	19/02/2018	Licenza tenza de animais potencialmente perigosos 10/2018 JMCV
406/2018	19/02/2018	Licenza para tenza de animais potencialmente perigosos 6/2018 JMRD
407/2018	20/02/2018	Conceder a axuda de aluguer por un importe total de 600 euros, recibo de auga por importe de 66,74 euros e 2 recibos de luz por importes de 24,60 e 26,04 euros. Solicitante: DFA
408/2018	20/02/2018	Desestimento axuda recibos luz a ARS



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

409/2018	20/02/2018	Desestimiento axuda aluguer AMFL
410/2018	20/02/2018	Renuncia tratamento odontolóxico de TAMP
411/2018	20/02/2018	Denegar a axuda aluguer por non constituír unha solución axeitada. Solicitante: SSM
412/2018	20/02/2018	Conceder an axuda recibo de luz e gas por importe de 74,52 euros. Solicitante: MTOL
413/2018	20/02/2018	Conceder a axuda aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: MRPM
414/2018	20/02/2018	Conceder a axuda aluguer por importe de 300 euros. Solicitante: RSF
415/2018	20/02/2018	Conceder a axuda auga por importe de 38,69 euros e 3 recibos de luz por importes de 36,99, 39,37 e 41,14 euros. Solicitante: MBVV
416/2018	20/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar RVE
417/2018	20/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar MLCL
418/2018	20/02/2018	Alta no servizo de axuda no fogar ECC
419/2018	20/02/2018	Baixa no servizo de axuda no fogar CNR
420/2018	20/02/2018	Baixa no servizo de axuda no fogar FPV
421/2018	20/02/2018	Baixa no servizo de axuda no fogar FJBE
422/2018	20/02/2018	Desestimación da reclamación por responsabilidade patrimonial presentada por don LBB por danos ocasionados no seu vehículo, segundo indica, á consecuencia da sobreelevación do paso de peóns sito na rúa Pígara, O Temple, mentres se realizaba unha obra, o día 14 de marzo ás 10:00 horas
423/2018	20/02/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 48.645,91 euros
424/2018	20/02/2018	Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o IEG, o IGN , a FEGAMP e distintos concellos para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución xeorreferenciadas. Aprobar un gasto por importe de 35.601,82 euros en concepto de achega do Concello de Cambre
425/2018	21/02/2018	Renuncia axuda lentes correctoras MCGT
426/2018	21/02/2018	Conceder a axuda aluguer por importe de 200 euros. Solicitante: AUM
427/2018	21/02/2018	Conceder a axuda recibo auga por importe de 75,95 euros. Solicitante: MMMJ
428/2018	21/02/2018	Denegar a axuda recibo auga por non constituír unha solución axeitada. Solicitante: MGJ
429/2018	21/02/2018	Aprobación inicial plan especial de equipamento en solo rústico en Cela, Cambre
430/2018	21/02/2018	Numeración de vivenda a solicitude de DMS
431/2018	21/02/2018	Corrección de erros da Resolución de Alcaldía num. 424/2018 de 20-02-2018 de aprobación e formalización do convenio de colaboración entre o IET, o IGN, a FEGAMP e distintos concellos para a obtención de imaxes aéreas de alta resolución



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		xeorreferenciadas, así como do gasto correspondente. Debido a un erro material de transcripción figura como acrónimo do Instituto de Estudos do Territorio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio "IEG" no canto de "IET"
432/2018	21/02/2018	Expediente de declaración de ruína 2015/I002/000117 de edificación sita en Estrada Cambre-Temple, Cambre
433/2018	21/02/2018	Convocatoria da Mesa de Contratación Permanente 26/02/2018
434/2018	21/02/2018	Expediente de declaración de ruína 2015/I002/000117 de edificación sita en Estrada Cambre-Temple, Cambre
435/2018	21/02/2018	Declaración de ruína de edificación sita en Sobrecarreira, Sigrás. titular JDC
436/2018	21/02/2018	Declaración de ruína da edificación sita na rúa Temple. Propietario: E, S.L.
437/2018	21/02/2018	Declaración de ruína da edificación sita en Armental, Pravio. Propietario: herdeiros de RGdeDL
438/2018	21/02/2018	Conceder a licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita na Patiña, Cela. Solicitante: UFD, S.A.
439/2018	21/02/2018	Autorización transmisión do dereito de uso privativo das urnas sinaladas coas letras A, B, C e D, no panteón perimetral número 86, no cemiterio municipal de Cambre a prol de dona GMR
440/2018	22/02/2018	Denegar o recibo aluguer por non cumprirse os compromisos do proxecto de intervención social. Solicitante: EFL
441/2018	22/02/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas, por importe total de 68.366,00 euros
442/2018	22/02/2018	Aprobación das actividades e da solicitude de subvención ao abeiro da convocatoria da Resolución do 29 de decembro de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade de forma individual, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2018 (DOG nº 15 do 22 de xaneiro de 2018).
443/2018	22/02/2018	Cobro do programa xogando no entroido 2018
444/2018	22/02/2018	Conceder a licenza de vao laboral para o acceso ao lavado de coches sito na rúa Estanque, O Temple, Cambre. Expediente de actividade núm.: 04/18/03. Soliciante: JMVE
445/2018	22/02/2018	Licenza de construción de vivenda unifamiliar en crta Estación Cambre
446/2018	22/02/2018	Pagamento nómina do mes de febreiro de 2018 por un importe bruto de 357.982,41 euros
447/2018	22/02/2018	Convocatoria da sesión extraordinaria da Mesa Local de Comercio
448/2018	22/02/2018	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		cadansúas obrigas por importe total 9.993,98 euros
449/2018	22/02/2018	Recurso contencioso-administrativo procedemento abreviado nº 0000257/2017 interposto por GG SDG, S.A. contra o Concello de Cambre

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

-Recibiu á ANPA do CEIP Wenceslao Fernández Flórez de Cambre para tratar diversas peticións relativas ás instalacións do centro.

- Realizou un pleno infantil con alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria do CEIP Emilio González López de Brexo-Lema.

- Acudiu á entrega de trofeos do torneo de tute da Asociación Cultural, Recreativa e Instructiva de Brexo-Lema.

Dona Maria Dolores Blanca Garcia Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, dá conta dos seguintes asuntos:

- Recibiu no seu despacho a dous fotógrafos. Son nove compoñentes do mundo da fotografía "Fotógrafos Naval del Golfo Ártabro" solicitando información para poder realizar unha exposición de fotografía en Villa Concepción para o mes de xuño.

- A presidenta da Asociación de veciños de Andeiro, veu o seu despacho para invitarme, o día 4 de marzo a unha pequena festa cos veciños.

- Recibiu a documentación, informando do cambio da Xunta directiva de Tenis de Mesa de Anceis.

- O venres día 23, ás 19.30 horas, trasladouse ao local de Anceis para coñecer a nova xunta directiva de Tenis de Mesa de Anceis.

- O venres día 23, ás 20:30 horas, trasladouse ao local Andeiro, a unha charla de coaching con Yolanda Candal e os veciños da parroquia.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 15 mantivo unha reunión no seu despacho con Rocio Santamaria do Ideal-Gallego quen lles fixo chegar unha proposta para publicitar as feiras que teñen lugar no Concello de Cambre.

- O día 16 realizou chamadas telefónicas a diferentes colectivos do concello (xubilados, parados, comerciantes, industriais, agricultores, propietarios forestais, mozos, etc) para que asistan a un



obradoiro participativo sobre o deseño das infraestruturas verdes na área metropolitana da Coruña, que se vai a celebrar o día 6 de marzo no salón de sesións do Concello de Cambre. Este obradorio xurde a petición da Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos.

Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- O sábado día 23 tivo lugar no museo unha charla sobre indumentaria castrexa romana.
- O sábado día 23 tivo lugar a ruta número CXXXII dentro do programa Vente de Marcha, a Finisterre.
- APP: total descargas: 2.291 e total visitas 36.798.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade

Don Daniel Carballada Rodríguez dá conta do seguinte asunto:

- Venres 2 programada a proxección do filme "Una mujer fantástica" na Casa da Cultura.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta do seguinte asunto:

- Venres 23, o Concello de Cambre asinou un contrato de asistencia técnica coa Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física para a avaliación cardiovascular e da composición corporal por bioimpedancia dos usuarios do servizo de deportes do Concello de Cambre. Habrá 20 prazas para a realización deste estudo de saúde e deporte.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos expedientes de:

- Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "*Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación do pavimento en Castrillón (Pravio)*", incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015. Expediente: 2017/C003/000012
- Adxudicación á empresa Narón Servicios de Medioambiente S.L polo importe ofertado de 21.371,19 euros sen IVE (25.859,14 euros IVE incluído) da obra denominada: "Reforma do local municipal de Lendoiro-Cambre", subvencionada ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR)" (DOG nº 12 do 18/01/2017). Expte: 2017/C002/000037

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos oito concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local.



A) Contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra “Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación do pavimento en Castrillón (Pravio)”, incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015. Expediente: 2017/C003/000012

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria do 8 de outubro de 2015, aprobou as bases reguladoras do Plan de Acción Social (PAS) 2015, que foron publicadas no BOP núm. 196 do 14 de outubro de 2015.

Por acordo plenario do Concello de Cambre de data 14 de decembro de 2015, aprobouse o citado Plan, incluíndo nel, como Plan Complementario, a obra de “Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación do pavimento en Castrillón (Pravio)”, aprobándose, así mesmo, o correspondente proxecto elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanoë, cun orzamento base de licitación de 99.467,64 euros (IVE incluído).

O 2 de decembro de 2015, con carácter previo á aprobación do citado proxecto, o xefe da Sección de Planeamento e Xestión, o arquitecto municipal don José Agustín Barca Cotelo, emitiu informe segundo o cal as obras precisan das autorizacións da Augas de Galicia, do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia .

Con data 26 de outubro de 2017 efectuouse o replanteo do proxecto, asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolome Delanoë .

Mediante Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña número 38964/2017, do 1 de decembro de 2017, declarouse cumprida a condición da existencia de remanentes xerados por baixas de licitación dos investimentos incluídos no Plan de Acción Social (PAS) 2015 Base e, en consecuencia, considerouse definitivamente aprobado o Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, polo que se comunicou ao Concello de Cambre que podía iniciar a adxudicación e posterior execución das obras solicitadas no seu momento con carácter supletorio no PAS Complementario. Esta resolución foi notificada ao Concello de Cambre o día 5 de decembro de 2017, a través da plataforma Subtel do organismo provincial.

O 11 de decembro de 2017, o enxeñeiro de camiños municipal, xefe da Sección de Servizos, emite informe no que, entre outros extremos, contén a proposta de criterios a valorar para adxudicar a citada obra, criterios que se corresponden cos contidos no prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que deben rexer na contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, publicado no BOP núm. 63, do 5 de abril de 2016, con proposta de aplicación do prezo como único criterio de valoración e máis de negociación. Este informe contén, ademáis, as nomenclaturas a aplicar ao expediente, así como os medios personais e materiais necesarios para executa-la obra.



Consta documento de retención de crédito (RC), emitido o 18 de xaneiro de 2018 pola Intervención municipal, respecto da existencia de crédito dispoñible na aplicación 1532.61900, por importe de 99.467,64 euros.

No referente ás autorizacións precisas, con data 10 de febreiro de 2017 e rexistro de entrada 0/1120 recibíuse notificación do Servizo de Coordinación da Área Cultural mediante a que se outorga autorización para a execución do proxecto.

Con data 25 de febreiro de 2017 e rexistro de entrada 0/1596 recibíuse notificación de Augas de Galicia, mediante a que se outorga autorización para a execución do proxecto.

Finalmente, con data 7 de novembro de 2017 e rexistro de entrada 0/9731 recibíuse notificación da Axencia Galega de Infraestruturas mediante a que se outorga autorización para a execución do proxecto.

Consta ademais no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral, conformado pola secretaria xeral e mailo interventor municipais de data 26 de febreiro actual, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordos a adoptar.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 26 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Incoar expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, para adjudicar a obra descrita no proxecto e denominada “*Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación do pavimento en Castrillón (Pravio)*”, incluída no Plan de Acción Social (PAS) Adicional 1/2015, da Deputación Provincial da Coruña, cun valor estimado de contrato de 98.645,60 euros (orçamento base sen IVE, 82.204,66 + 10% modificado do proxecto, 8.220,47 + 10% certificación final, 8.220,47), e un orzamento total de execución por contrata de 99.467,64 euros (IVE incluído), isto en aplicación do establecido nos arts. 138, 171.d) e 177.2 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP), e no artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto o valor estimado do contrato é inferior a 1.000.000,00 euros (exp. nº 2017/C003/000012).

Segundo: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 2018/1532.61900

Terceiro: Aplicar o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberá de rexer para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña con data 30 de decembro de 2015, e corrección de erros materiais do día 30 de marzo de 2016, publicado no



BOP nº 63 do 5 de abril de 2016, así como aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego.

Cuarto: Como único criterio para a adxudicación do contrato, segundo consta na cláusula 15.2 e máis no Anexo V.I do prego-tipo, empregarase o seguinte, isto de conformidade coa proposta formulada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal-xefe da Sección de Servizos coa data do 11 de decembro de 2017:

- Oferta económica:

Valorarase ata 100 puntos consonte ao seguinte desglose (Para este proceso de cálculo utilizaráanse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan):

Calcularáse aplicando a fórmula elaborada polo [Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela](http://www.dicoruna.es/valoracion/) (<http://www.dicoruna.es/valoracion/>)

Tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, de data 11 de decembro de 2017, e segundo establece a cláusula 15.2 e Anexo V.II do prego-tipo da presente licitación, aplicarase como criterio de negociación a oferta económica.

Quinto: Designar unha Comisión de Negociación, para os efectos de levar a cabo a negociación que se contempla na cláusula 15.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, para a contratación mediante procedemento negociado das obras comprendidas nos plans provinciais, integrada por:

- O interventor da Corporación, don Francisco Javier Ulloa Arias. En caso de ausencia a técnica do Departamento de Intervención en quen delegue.
- A enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë. En caso de ausencia un técnico de igual ou superior categoría do Departamento de Servizos
- A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría-Contratación, dona M^a Fernanda Montero Carré. En caso de ausencia unha técnica de igual ou superior categoría do Departamento de Secretaría

Sexto: De conformidade co establecido no art. 89 do TRLCSP e cláusula 4.1 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, non procederá en ningún caso a revisión de prezos do contrato e, polo tanto, non se aplicará fórmula ningunha de revisión.

Sétimo: Aprobar o expediente de contratación incoado mediante procedemento negociado sen publicidade de conformidade co establecido no artigo 171.d) do TRLCSP, e publicar un anuncio no Perfil de Contratante- Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, e nun dos diarios de maior tiraxe, isto de conformidade co disposto polos artigos 169, 171 e 178 do TRLCSP, art. 93 do RD 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, e cláusula 10.A) do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña (BOP 05/04/2016), isto á vista de que o valor estimado do contrato é inferior a 200.000,00 euros."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

B) Adxudicación á empresa Narón Servicios de Medioambiente S.L polo importe ofertado de 21.371,19 euros sen IVE (25.859,14 euros IVE incluído) da obra denominada: “Reforma do local municipal de Lendoiro-Cambre”, subvencionada ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR)” (DOG nº 12 do 18/01/2017). Expte: 2017/C002/000037

Vista a proposta de Alcaldía de data 26 de febreiro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

“Coa data do 30 de marzo de 2017 o Concello de Cambre solicitou unha subvención ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR)” (DOG nº 12 do 18/01/2017) , para a realización da obra “*Reforma do local municipal de Lendoiro-Cambre*”.

A subvención tramítase ao abeiro das submedidas 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a Estratexia de desenvolvemento local) e 19.4 (custos correntes da Estratexia de desenvolvemento local e animación e promoción territorial) do PDR de Galicia 2014-2020.

O financiamento dos proxectos subvencionados toma como referencia o cadro financeiro do PDR de Galicia 2014-2020 cofinanciado con Fondos Feader nunha porcentaxe do 75 %, e coas ahegas das Administracións públicas nacionais : Administración xeral do Estado (nunha porcentaxe do 2,5 %) e Xunta de Galicia (nunha porcentaxe do 22,5 %).

Con data do 27 de abril de 2017, o Pleno do Concello de Cambre aprobou o anteproxecto denominado “*Reforma do local municipal de Lendoiro. Cambre*”, redactado polo arquitecto municipal cun orzamento total de 31.924,86 euros.

Coa data do 14 de setembro de 2017 tivo entrada no rexistro xeral do Concello, ao nº 0/8096, a notificación da resolución de concesión da subvención antedita, por importe de 22.347,40 euros, financiados nun 75 % polo Feader, nun 2,50 % polo Ministerio e nun 22,50 pola Agader. Esta axuda cofinanciase polo Feader no marco da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020, e encádrase na prioridade ou área focal 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais).

No mes de febreiro de 2018, o arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito elabora o documento de “*descrición técnica para reforma do local municipal de Lendoiro. Cambre*”, cun orzamento de execución por contrata de 31.924,86 euros IVE incluído.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Con data do 12 de febreiro de 2018, o mesmo técnico municipal emite informe no que, entre outros aspectos, propón que se aplique como único criterio para a adxudicación da contratación da obra o factor prezo.

Con data 14 de febreiro de 2018 remitíronse invitacións, mediante correo electrónico para participar na presente licitación ás empresas: "Construcciones Navila S.L."; "Arkivolta Construcción y Mantenimientos, S.L."; "Alvac S.A." e "Narón Servicios de Medio Ambiente S.L.", cuxos obxectos sociais comprenden o obxecto do presente contrato, quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas. Rematado o prazo de presentación de ofertas, todos os licitadores presentaron ofertas, que constan rexistradas no expediente.

A Intervencion Municipal emitiu documento de retención de crédito con data de 15 de febreiro de 2018.

Con data de 22 de febreiro de 2018 o Arquitecto Municipal don José Ramón Díaz Barbeito, emite informe-proposta de adxudicación da obra denominada "*Reforma del Local municipal de Lendoiro. Cambre*", a prol da entidade "Narón Servicios de Medioambiente S.L.", CIF número B-70078514, e domicilio no lugar Pé do Muiño número 17 (parroquia de Meirás) Sada (15160 A Coruña) no importe ofertado de 25.859,14 euros (IVE incluído), por ser a entidade que realizou a oferta máis baixa, tendo en conta que o único criterio de adxudicación aplicable nesta licitación é o factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución da obra no importe total de 25.859,14 euros, IVE incluído, e sen atoparse incurso en presunción de desproporción.

A Tesorería municipal emitiu informe con data de 22 de febreiro de 2018, referente a que a empresa "Narón de Servicios de Medioambiente S.L." non ten obrigas pendentes de pago co Concello de Cambre.

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) establecen que nos contratos de obras se consideran contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa data do 26 de febreiro actual, e incoado expediente de contratación nº TEDEC 2017/C002/000037.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, de data 26 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Aprobar a proposta formulada polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, de data 12 de febreiro de 2018 para a contratación da obra "*Reforma do local municipal*



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

de Lendoiro. Cambre”, subvencionada ao abeiro da Resolución do 29 de decembro de 2016 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR)” (DOG nº 12 do 18/01/2017), así como o documento que contén a descrición técnica elaborado polo antedito arquitecto municipal por un importe máximo de execución por contrata de 31.924,86 euros (IVE incluído).

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 920 62200 (edificios administración xeral).

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte n.º 2017/C002/000037 da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cuarto: Admitir na licitación ás entidades “Construcciones Navila S.L.”; “Arkivolta Construcción y Mantenimientos, S.L.”; “Alvac S.A.” e “Narón Servicios de Medio Ambiente S.L.”.

Quinto: Adxudicar a obra, no prezo ofertado de 21.371,19 euros sen IVE (25.859,14 euros IVE incluído) á entidade “Narón Servicios de Medioambiente S.L”, CIF número B-70078514, domicilio no lugar Pé do Muiño número 17 (parroquia de Meirás) Sada (15160 A Coruña) , por ter sido a oferta mais vantaxosa en aplicación do criterio de valoración factor prezo, único contemplado no expediente de contratación incoado, sen atoparse incurso en presunción de desproporción ou temeridade.

A orde decrecente de clasificación obtida polas entidades licitadoras, en función das ofertas presentadas, foi a seguinte:

Empresa	Clasificación
Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.	1º
Arkivolta Construcción y Mantenimientos, S.L.	2º
Construcciones Navila, S.L.	3º
Alvac, S.A.	4º

Sexto: Tendo en conta o informe emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito con data do 12 de febreiro de 2018, unha vez notificada a adxudicación á entidade contratista, esta deberá presentar no prazo de sete días hábiles o correspondente Plan de Seguridade e saúde, informado polo coordinador de seguridade e saúde designado, e a data de inicio dos traballos será consensuada cos servizos técnicos da Área de Urbanismo e Réxime Interior municipal.

Segundo establece o técnico municipal no antedito informe, a Administración, a través da dirección de obra, ordenará a unha empresa especializada en control de calidade que se verifiquen os ensaios de materiais e unidades de obra que resulten pertinentes, sendo os gastos que se orixinen por conta do contratista ata un importe máximo do un por cento do orzamento de execución material da obra. Ademais, o contratista encargará e colocará nun lugar visible un panel de



dimensións (2000x1000 mm) branco, rotulado co logotipo do Concello de Cambre (ocupación do 50 % horizontal), o número de expediente, o título da obra e a denominación e/ou logotipo da empresa contratista, (todo isto sen prexuízo das obrigas de publicidade que se fan constan no punto decimo do presente acordo)

Sétimo: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Oitavo: Designar como director de obra e responsable do contrato ao arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, de conformidade co disposto no artigo 52 do TRLCSP, ao que lle corresponderá supervisar a súa realización e adoptar as decisións e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Noveno: A coordinación de seguridade e saúde correspóndelle á empresa "Gallega de Coordinacións S.L.", con domicilio na rúa Tornos, 16-3ºL 15007 A Coruña, isto de conformidade co vale pedido número 00775 de data 22 de febreiro de 2018.

Décimo: De conformidade co establecido nos artigos 4 e 19.1.a), da Orde do 29 de decembro de 2016, o concello deberá destinar os bens ao fin para o que se concede esta subvención polo menos durante os cinco anos posteriores á data da resolución do pagamento final.

Ademais, o beneficiario da subvención deberá adoptar as medidas de difusión e publicidade nos termos que se especifican na convocatoria e someterse ao Plan de Comunicación do PDR, polo que, de conformidade co establecido no artigo 19.1.i), da Orde do 29 de decembro de 2016, deberá publicitar a concesión da axuda segundo establece o Anexo III do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013.

Décimo primeiro: Notifíquese aos licitadores participantes e á entidade a que corresponde a coordinación de seguridade e saúde designada, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Décimo segundo: Notificar aos Departamentos de Intervención, Urbanismo e Axencia de Desenvolvemento Local municipais, así como á técnica de xestión de Administración xeral, responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia